

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA CAMPOLONGO Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcampolongo e-mail: ceip.campolongo@edu.xunta.es Teléfono: 886 15 15 13 Fax: 886 15 15 18
--	---

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE PAIS, PAIS E TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 19 de setembro de 2022 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que *se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consello escolares* de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 30), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E PAIS DE ALUMNOS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1, corresponde elixir no presente proceso electoral a **2 pais/pais**, dun total de 5 que debe ter o Consello Escolar. Outros 2 continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2021 e o 5º representante do sector de pais/pais é o proposto pola ANPA do centro.

2.- Son electores todos os pais e pais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no censo correspondente que a partir do día da data está exposto no **taboleiro interior** de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14.00 horas do día 14 de novembro.

3.- Son elixibles os pais e pais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio. As **candidaturas** poderán ser presentadas ata as 14.00 horas do día **15 de novembro**.

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais que non se presenten como candidatos, o día 16 de novembro, ás 13:00 horas. Dita mesa electoral estará composta pola Directora do Centro, que actuará como Presidenta, e catro pais/pais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o 16 ao 21 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio. O día 22 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.

7.- As votacións realizaranse na **ZONA ADMINISTRATIVA** deste Colexio o **día 23 de novembro, de 9.00 a 11.30 e de 12.30 a 14.00**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 8:45 horas.

8.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo **de 1 nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade á hora de votar mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor e titora legal dos alumnos.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para o seu envío á Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

12.- As persoas elixidas serán nomeadas por un período de catro cursos.

Pontevedra, a 7 de novembro de 2022

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,